



Manuel Rodríguez Viqueira

Manuel Rodríguez Viqueira, galego que naceu no exilio, fillo de Luísa Viqueira Landa, neto de Xohán Vicente Viqueira e Xacinta Landa. Doutor en Arquitectura pola Universidade Politécnica de Wrocław, Polonia (1986) Autor de numerosos artigos e varios libros no campo da historia da arquitectura e do deseño Bioclimático. É actualmente profesor do Departamento de Teoría e Procesos de Deseño, División de Ciencias da Comunicación e Deseño na Unidade Cuajimalpa (México). Da súa man recuperamos a testemuña do fermento no que xermolou a UPG no México dos anos 60.

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO



LUISA VIQUEIRA LANDA, nos seus apelidos condensan dúas tradicións que confluíron na República no nacionalismo: galeguismo e esquerda. Con dúas figuras en cada un dos apelidos de grande forza e influencia como foron o seu pai, Xohan Vicente Viqueira, e a súa tía, Matilde Landa.

A rama dos Landa ten tamén orixe portuguesa, porque a nai de Matilde e da miña avoa, a nai de Luísa, Jacinta Landa, era portuguesa, da beira da fronteira con Badaxoz. E o meu bisavó, Rubén Landa Coronado, en 1883, no marco dunha sublevación contra a monarquía, só triunfou soamente en Badaxoz, mais como as comunicacións non eran como agora, eles non sabían que fracasara no resto do Estado, polo que nomean Rubén Landa Gobernador Civil da República. Ao día seguinte entra o exército monárquico, ten que fuxir e vaise refuxiar a Portugal. E nese exilio é cando coñece a miña bisavoa e de aí veñen Matilde, Jacinta e Florencio, que fusilaron no 36 en Badaxoz e máis irmáns que tiveron igualmente que saír exiliados. Fillo de Florencio, doutor do V

Rexemento, foi condenado á morte. Para min, a unión dos Landa e os Viqueira representa a Institución Libre de Ensinanza e a República. Os Landa involucráronse cos movementos de esquerda e algúns co PCE, co caso máis sobranceiro de Matilde.

O caso máis coñecido é o de Matilde Landa

Si, é o máis coñecido, mesmo polo seu tráxico final. Dise que se tirou desde o teito da prisión, mais a situación é bastante estraña. Ela estaba condenada á morte e logo conmutouse a condena á morte por cadea perpetua. Mais como Matilde para as mulleres era un símbolo moi importante, trataron de sometela, para que renunciase ás súas ideas comunistas e se bautizase, que adoptase a relixión católica. Entón comezaron as chantaxes. Dicianlle: "Se ti non te bautizas, non imos permitir que as presas que teñan nenos, poidan velos. Que as

presas poidan ver os seus maridos ou ter visitas...". Eran monxas, eh... Así foi unha extorsión continua durante moito tempo, máis de dous anos. Ela era a grande líder das presas e había que destruíla.

As presas respectábana moito e tamén sabían de que en calquera momento podía ser eliminada polo réxime. Incluso hai unha pasaxe interesante que aconteceu na prisión de Madrid. Permitíanlle tomar auga unha vez ao día e facían cola, mais cando vían chegar a Matilde todas se afastaban para que pasase primeiro. Entón, unha que non a coñecía preguntou: "Por que ela pode pasar sen estar na fila?". "Porque está condenada á morte", respondéronlle.

Non se sabe exactamente como foron os feitos da súa morte. As monxas no documento oficial din que tivo un ataque epiléptico e caeu desde a parte de arriba do convento. A miña familia e todo o mundo que a coñecía sabe que non era epiléptica. Entón, que pasou?

A outra póla da familia é a dos Viqueira. Que pegada deixou?

Os Viqueira e os Landa coñécense na Institución Libre de Ensinanza, ou como contaba miña nai que dicía Giner de los Ríos: Institución Libre de toda Ensinanza. Xohan Vicente Viqueira casa con Jacinta Landa, e mesmo M^a Luísa Viqueira, irmá de Xohan Vicente, casa con Rubén Landa, outro dos irmáns. Tamén o vencello coa Institución Libre de Ensinanza é porque Manuel Bartolomé Cossío, o grande pedagogo Krausista, era tío de Xohan Vicente Viqueira, isto é, Manuel estaba casado con Carme López Viqueira, parente de Xohan Vicente. Entón pódese entender o ambiente familiar de libre pensamento e os vencellos coa Institución Libre de Ensinanza, cos intelectuais da Xeración do 98. Juan Ramón Jiménez foi grande amigo da familia, Ramón y Cajal foi o que influíu en que a miña nai, Luísa Viqueira estudase bioloxía. Machado foi grande amigo de Rubén Landa... Ou sexa, foi un ambiente aquel dos intelectuais que con-



Matilde Landa, enriba a esquerda, no pazo de Vixoi, residencia de verán dos Viqueira. Xa en plena guerra Miguel Hernández lle tiña dedicado unha poesía, coa súa actuación no cárcere de presas, o seu nome fíxose lendario. Recentemente o grupo de Rock "Barricada" dedicoulle a ela un tema no seu álbum sobre a represión franquista chamado elocuentemente "La tierra está sorda"

sideraban que era preciso unha nova educación e unha nova pedagogía, que explican o pensamento da miña familia tanto en Madrid como na Galiza.

Vqueira lánzase polo vieiro da conciliación entre nacionalismo e socialismo coa axuda da incorporación dos novos momentos filosóficos progresistas que atopa na súa estadía na Alemaña.

Na familia o que máis pegada deixou é a súa faceta de pedagogo. Un exemplo das preocupacións do meu avó foi o sistema que deseñou para ensinar galego á súa filla, experimentou coa súa filla un novo sistema. E eu creo que tivo éxito. Porque meu avó morre cando miña nai tiña 6 anos. E domina o galego perfectamente. Foi correctora de "Vieiros", dos primeiros números de "Terra e Tempo", cando se funda a UPG. E tiña un caderno no que meu avó lle explicaba, mesmo con debuxos, como levar unha secuencia de aprendizaxe para o coñecemento da lingua. Ese caderno está agora nos arquivos da Penzol.

Ademais desta faceta, a de pedagogo, fálase del na familia noutras dúas dimensións: poeta e filósofo. A idea que hai na familia é que a súa paixón era a poesía. Tamén a música.

Fálase de que é un dos introdutores da nova pedagogía na Galiza, influído polo doutoramento na Alemaña e a súa estadía en París. Esta viaxe permitiulle entrar en contacto coas ideas máis avanzadas do pensamento europeo de entón.

Esa era a imaxe que tiñamos del, aínda eu, obviamente non o cheguei a coñecer, e miña nai lembra pouco do trato directo con el. Recorda os veráns na Lagoa, e sobre todo o proceso de ensino do galego.

A Luísa pillalle o 36 na Galiza

Ela rematou o primeiro ano de bioloxía na Complutense de Madrid, e miña avoa tiña o costume de vir no verán para a Galiza e un par de semanas até a Lagoa, na praia de Gandarío, porque alí estaban moi preto do pazo familiar en Vixoi, en Ouces está enterrado meu avó, ten a sepultura alí.



Xacinta Landa e Xohán Vicente Viqueira, coa súa filla Luísa, en Vixoi, no verán de 1918


De tal xeito que podían pasar o verán resolvendo as visitas á tumba, a familia, etc.

Cando foi a sublevación, elas estaban agardando por radio que a República solucionase o tema sen moito problema. Dous días despois, oíron motores de camións e cánticos de soldados. Convencidas que eran Republicanos ,saíron á xanela erguendo o puño, mais en canto viron que eran falanxistas foron baixando o puño. Pasaron, e ao cabo de dous días, unha persoa querida pola familia porque coidaba a tumba de meu avó, Pancha, veu avisarlles de que a Garda Civil fora preguntar por eles. Entón, acordaron vir andando até Vixoi a refuxiarse no pazo familiar. No pazo teñen coñecemento de que fusilaron o irmán da miña avoa Jacinta, Florencio, en Badaxoz, xa que aparece a súa muller e os seus fillos dando a nova. Entón xa eran tres nenos de Florencio, tres nenos da miña avoa Jacinta, e ademais os amigos da idade dos fillos



Johán Vicente Viqueira Cortón, nado en Madrid o 22 de outubro de 1886 e finado en Bergondo o 29 de agosto de 1924. De familia galega, naceu en Madrid, pero viviu ata os 12 anos en Vixoi (Bergondo). En 1898 trasladouse a Madrid para estudar na Institución Libre de Enseñanza, o que o puxo en contacto co pensamento científico moderno. Dende os 15 anos sufriu unha enfermidade crónica nos cadrís, polo que pasa épocas inmovilizado e mesmo foi operado en París dúas veces. En 1911 licenciase en filosofía pola Universidade de Madrid e amplía estudos en Alemaña ata 1914. Logo de dar clase na Institución Libre de Enseñanza aproba por oposición en abril de 1917 a cátedra de psicoloxía do Instituto de Santiago de Compostela, en maio casa con Jacinta Landa e a fin de ano trasládase ao Instituto da Coruña, alí ingresa nas Irmandades da Fala, chegando mesmo a ser o presidente das IF da Coruña, e colabora co' A Nosa Terra.

Viqueira, será un referente do nacionalismo progresista, e así no número 2 do Terra e Tempo editado en México faise mención a el xunto con Castelao, como guieiros da recentemente fundada UPG



que viñan pasar o verán. En total, uns dez rapaces. Alí estiveron nove meses até que veu un capitán inglés que viu informarles que viñan levarlos a Francia. Dise que como foi no verán, había moitos nenos que os colleu de colonias nun ou noutro lado fóra da súa casa e entón a Cruz Vermella mediou para levar a cabo estes intercambios. Supostamente ían ser intercambiados por unhas monxas de Oviedo.

Hai moitas anécdotas sobre isto, como é que o Capitán, a primeira vez que veu, non topou Vixoi, polo que tivo que volver a Madrid, onde finalmente lle deron un mapa para ir a tiro fixo e logrou atopalos.

De Francia inmediatamente pasan a Barcelona, porque pensaban que a República ía trunfar e regresaron para apoiar a República. Á miña avoa noméana algo así como directora da protección dos nenos que tiñan os pais na fronte. Situábanos en pequenas aldeas afastadas da fronte. Hai un sitio que se chama Villalbordo del Jucar onde miña nai estivo encargada dos nenos maiores, isto é, até quince anos. Cando se foi achegando a fronte, notificanlle de que ían ser evacuados. Miña nai é das últimas e vai por eles o chofer do Comandante Carlos (Vittorio Vidali). Ela narra como é das últimas que pasa cara a Barcelona, porque a fronte ía avanzando moi rápido. En Barcelona comeza a organizar a evacuación de nenos, uns cara a México e outros cara á URSS. A miña nai tocáballe preguntar aos pais para onde querían mandar os seus fillos.

Ela quedou moi impresionada daquelas conversas cos pais que querían salvar os seus fillos e que non sabían se os volverían ver. Era aterrador.

Á fin, parte cun grupo de nenos cara á URSS, cun pasaporte republicano, a través de Francia, e chega a Moscova, cun grupo de rapaces asturianos e vascos. De alí mándana para as aforas de Kaluga, onde estará un ano completo.

Perdida a guerra, a irmá menor da miña nai quedara en Inglaterra. O seu irmán Jacinto alistárase tan pronto chegara a Barcelona, aínda que só tiña quince anos, mentiu para poder ir á fronte. Pois non tiña idade para alistarse, mais daquela ninguén pedía documentos. E integra o batallón 57 de carabineiros que era un batallón de pequenos, case nenos. Cando se produce a derrota, meten a todo o seu batallón nun campo de concentración. A miña avoa estivera a traballar cun grupo de Cuáqueros que axudaban os nenos republicanos, polo que seguiu con eles ao caer a República, indo polos campos de concentración repartindo alimentos e buscando xente. Así, veño de atopar unha carta na Real Academia Galega que escribe a miña avoa a Carme, a muller de Dieste, onde lle di que acaba de topar o seu marido, que se atopa ben e está animado, con gañas de vela. Estamos a facer as xestións para liberalo do campo de concentración, ten que vos tede ser forte...

E á fin, noutro campo de concentración atopa o seu fillo, e facendo xestións para liberalo os responsábeis do campo dinlle que o ceiban coa condición de que se vaian de Francia. Así, marchan para Inglaterra, a Londres, onde está a súa filla maior, e alí comezan os trámites para xuntarse coa miña nai que estaba na URSS de cara a marcharen a México, onde se abrían as portas para todos os refuxiados republicanos, aínda que non tivesen papeis. Mais onde lle esixían papeis foi curiosamente na URSS, por cousa da burocracia stalinista que lle esixe un pasaporte actualizado. Intervén o

PCE, o PCUS, e finalmente logran que saia. Vai a Suecia e desde alí a Londres, onde a deteñen ao chegar por comunista e levar un pasaporte dun país que non existe. Finalmente, grazas ás xestións cos Cuáqueros, logra saír, tamén coa condición de marchar o antes posíbel. E así o fan. Van de Londres a Nova York. Mais ao desembarcaren, métenos nun autobús e dinlles que non poden baixar del. E así baixan polos EUA cara ao sur. Cando chegan aos Estados de poboación negra, miña nai lembra que se sentiron máis tranquilos, porque estes eran máis solidarios. E á fin, chegan a México. Esta viaxe da miña nai de Ouces até México dura desde xuño de 1936 até finais do 1939, dos seus 18 aos 21 anos.

E como foi a recepción en México logo dese periplo e a súa actividade alí?

En México, xa lle outorgan documentos de identidade, ábrenlle a posibilidade de nacionalizarse que establece Lázaro Cárdenas. Ela involúcrase en política coa Unión de Xuventudes Socialistas que estaba formando Santiago Carrillo, posteriormente no PCE, no grupo galego, e logo tende a abandonar o PCE e participa na conformación do Padroado da Cultura Galega e colabora con Luís Soto na publicación de "Vieiros". E xa nos anos 60 implícase na creación da UPG. Mais desta última etapa eu xa lembro pouco, porque é cando eu marchei de México. Lembro que ela traballa nos dous primeiros números do "Terra e Tempo", que sería o órgano de expresión da UPG.

Eu tiña 16 anos, e lembro que iamos onde tiña os laboratorios Luís Soto, esas publicacións facíanse en mimógrafos. Había un papel moi delgado sobre un cartón que se metía na máquina. O golpe da máquina perforaba o papel delgado. Despois, iso colocábase sobre un tambor, un cilindro. Poñíase tinta a man, xirábase para que a tinta correse ben, e logo poñíanse follas e imprimíase como se fose offset.



Que grupo había entorno a Soto e Luísa?

Luís Soto era un motor entusiasta e a miña nai seguíalle, traballaba e colaboraba con el. Organizaban programa de Radio que se chama a "Hora de Galiza" que era en galego, miña nai era a locutora. E moi achegados a eles estaba Carlos Velo, que non tiña ese matiz tan activista político, mais si moi galeguista. Estaba Francisco Comesaña, que era do PCE, como Barreiro. Estaba Ferrer, que era un xastre, Luciano Concheiro, que era do PCE e que se involucrava cos actos galeguistas. Lémbrome dalgúns máis ben polas miñas relacións cos fillos máis que con eles. Eu fun mozo de María Angeles Comesaña con 14 e 15 anos, Francisco Javier Comesaña foi á URSS a estudar e eu fun a Polonia. Luciano Concheiro segue a ser compañeiro meu na universidade. O fillo de Barreiro mais eu xogabamos ao fútbol xuntos, creáramos as Unión de Xuventudes Comunistas no exilio

Documentos que acreditan a peregrinaxe polo exilio de Luísa Viqueira Landa, até que chega a México onde fará un importante labor de loitadora antifranquista e defensora dos dereitos nacionais de Galiza



Presentación da revista "Vieiros" en México. Luís Soto é o que sostén a revista na man. Luísa Viqueira atópase á esquerda de Carlos Velo, de gafas no centro. Na foto inferior vemos a Luísa á beira de Carlos Velo, primeiro pola dereita, nunha xuntanza do Padroado da Cultura Galega de México. No plantel da revista "Vieiros" que reproducimos vemos o seu nome

e tiñamos un equipo no que xogaba tamén o fillo do Comandante Carlos... Nós vivimos nun mundo, o mundo do exilio no que nos relacionabamos entre nós. Tiñamos unha escola especial para nós, equipos de fútbol, unha pequena illa...

Tiñan daquela os exiliados unha estreita relación cos chamados Países do Leste?

Meu pai morreu no 1947, aparece morto nas aforas de México, hai moitas versións sobre o que puido ocorrer. O caso é que miña nai queda viúva e comeza a buscar traballo. Miña nai falaba ruso, francés e inglés. Dáse a casualidade que mandan como embaixador de Polonia un antigo brigadista na Guerra do 36 que coñecía a miña nai. E as embaixadas buscaban persoas que tivesen certo dominio lingüístico. En solidariedade coa miña nai, deulle traballo na embaixada. Eu, cando tiven 17 anos e vin a posibilidade que isto me abría, pois sabía que traballando alí miña nai era posíbel



que me desen unha bolsa para estudar nese país, así que fun a falar co agregado cultural da embaixada, sen dicirle nada á miña nai, e concedéronma. Pola tarde, cando volveu de traballar miña nai, sabedora do que acontecera, chamoume a atención por facer iso, mais xa estaba feito. E así é que me fun. Non foi tanto a miña afinidade, senón a oportunidade que me ofrecía isto, e eu quería ver mundo. Eu tiña unha tendencia política, mais tamén ganas de viaxar e coñecer novos países. E así marchei aos 17 anos e tardei 20 en volver. En Polonia fixen a miña vida, unha carreira, fun catedrático... os meus compañeiros de estudo son agora as autoridades en Polonia e teño un fillo que vive alí.

E da revista "Vieiros" e do activismo cultural galego que recorda?

"Vieiros" recórdoo ben, porque incluso se usaron cadros que tiñamos nós de Arturo Souto. Un que tiña miña avoa usouse nunha portada. A miña familia era moi amiga de Souto e mesmo logo da morte de Souto miña avoa Jacinta axudou a viúva. Eu insisto en lembrar que Luís Soto era o motor de todo o galego en México, e non só en México. E que el foi o que creou a UPG en México.

Miña nai organizaba no Centro Republicano os xoves as tardes republicanas galegas. Iamos dos 6 aos 8 anos alí a aprender a bailar a muiñeira, a tocar a gaita, a falar galego... Logo co Padroado da Cultura Galega lembro como a revista "Vieiros" se facía na miña casa e nos laboratorios de Luís Soto ■